

Movements migratorios

NOTAS EXPLICATIVAS

O coñecemento do volume dunha determinada poboación e da súa composición en función dunhas determinadas características -fundamentalmente idade e sexo- nun momento dado, proporciónanos unha información estática, é dicir, unha instantánea da mesma. Agora ben, a poboación está en continua evolución, orixinada por unha serie de factores de cambio que inciden sobre ela: nacementos, defuncións, matrimonios e movementos migratorios.

A estatística dos Movementos migratorios, que recolle as altas e as baixas de poboación que se producen en cada concello debido a cambios de residencia, xunto coa estatística do Movemento natural da poboación, que proporciona información sobre os nacementos, defuncións e matrimonios, permiten estudar a evolución e as características dunha poboación ó longo do tempo.

A fonte principal dos datos é a explotación informática da cinta da Estatística de variacións residenciais proporcionada polo INE.

1. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A poboación investigada son as persoas que modifican o seu lugar de residencia durante o ano de referencia.

Ámbito xeográfico

A estatística contempla as variacións residenciais producidas na Comunidade autónoma de Galicia, tanto desde o punto de vista da orixe como do destino e proporciónase información para os distintos niveis xeográficos: provincial, comarcal e municipal.

Ámbito temporal

A estatística está referida as variacións residenciais rexistradas durante o ano de referencia.

2. Definicións e aspectos metodolóxicos

A estatística de variacións residenciais elabórase a partir da explotación da información relativa as altas e as baixas nos padróns municipais de habitantes motivadas por cambios de residencia, obtida da base padroal do INE.

Segundo a normativa vixente, toda persoa que cambie de residencia está obrigada a solicitar por escrito a alta no padrón do novo concello. Os concellos envían mensualmente a relación de altas á Delegación Provincial do INE, a cal se encarga da súa comunicación en soporte informático ós concellos onde se deba levar a cabo a correspondente baixa.

A estatística de variacións residenciais é unha estatística cunha larga tradición no que respecta o fluxo migratorio entre os distintos concellos de España, que ampliou o seu ámbito en 1981 ó recoller as entradas procedentes do estranxeiro e no ano 2002 coa recollida das saídas fóra de España.

Ata 1996, a Estatística de Variacións Residenciais elaborábase a partir da gravación polo INE do "Documento de alta/baixa por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes (EVR)", que se cumprimentaba por triplicado cando unha persoa solicitaba a baixa no seu concello de residencia polo seu traslado a outro concello.

En 1996, estableceuse un novo sistema de xestión padroal que establece a informatización dos padróns municipais e a coordinación destes por parte do INE, convertendo o padrón nun rexistro continuo e permanentemente actualizado da poboación. Os primeiros anos de implantación do sistema, os resultados da EVR obtíñanse directamente dos ficheiros de intercambio que os concellos facilitaban ó INE sen contrastar coa base existente polo que o cidadán tiña que comunicar na súa solicitude o concello ou país de procedencia. Pero a partir do ano 2001, a estatística obtense directamente da base padroal do INE, polo que o concello de procedencia pode non ser declarado polo cidadán, xa que figura na base padroal.

Ata o ano 2002, a estatística de variacións residenciais non contemplaba os movementos migratorios con orixe Galicia e destino ó estranxeiro, polo que a única información que se dispoñía sobre estes movementos era a proporcionada polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a partir da súa Estatística sobre emigración.

Dende o ano 2004 inclúense na EVR as altas por omisión e as baixas por inclusión indebida de estranxeiros, os cales se consideran, respectivamente inmigracións do exterior nas que non consta o país de procedencia i emigracións ao estranxeiro nas que se descoñece o país de destino.

A partir do 2006 inclúense ademais, por vez primeira, as baixas por caducidade. Estas baixas xorden como consecuencia da modificación legislativa introducida pola Ley Orgánica 14/2003 de extranjería, na Ley 7/1985 Reguladora de las Bases del Régimen Local, que establece que os estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente teñen a obriga de renovar a súa inscrición padronal cada dous anos. No caso de non levarse a cabo tal renovación os concellos deben declarar a caducidade da inscrición.

Compre sinalar que os fluxos anuais desta estatística fan referencia a migracións e non a migrantes pois unha persoa pode cambiar a súa residencia dun concello a outro máis dunha vez ó ano.

As características utilizadas para clasificar tanto as altas coma as baixas son: sexo, data e lugar de nacemento, nacionalidade, lugar de procedencia e destino, mes da migración.

Definicións:

Migración: Este concepto é equivalente ó de cambio de concello de residencia.

Emigración: Para un ámbito xeográfico determinado as emigracións son aquelas migracións que teñen orixe nese ámbito e destino fóra do mesmo.

Nalgunhas táboas aparece o concepto de baixas asociado co de emigración. O total de baixas dunha provincia refírese á suma das baixas por emigración de tódolos concellos da mesma ben sexa o destino nun concello da provincia ou de fora dela.

Emigración interna: Trátase daquelas emigracións con orixe nun concello de Galicia e destino noutro concello distinto tamén da Comunidade Autónoma.

Emigración externa: Son aquelas emigracións con destino fóra da Comunidade Autónoma; esto é o resto de España ou o estranxeiro.

Inmigración: Para un ámbito xeográfico determinado as inmigracións son aquelas migracións con destino nese ámbito e orixe fora do mesmo.

Nalgunhas táboas aparece o concepto de altas asociado co de inmigración. O total de altas dunha provincia refírese á suma das altas por inmigración de tódolos concellos da mesma, tendo estas por concello de orixe un da mesma provincia ou de fóra dela.

Inmigración interna: Trátase daquelas inmigracións con destino nun concello de Galicia e que teñen orixe noutro concello distinto tamén da Comunidade Autónoma.

Inmigración externa: Son aquelas inmigracións con orixe fora de Galicia, isto é, o resto de España ou o estranxeiro.

Saldo migratorio: Para cada ámbito territorial, é a diferenza entre o total de inmigrantes e o total de emigrantes. Se é positivo indica que as entradas de poboación superan ás saídas, e ó contrario se é negativo.

Saldo migratorio interno: Calcúlase como a diferenza entre a inmigración interna e a emigración interna. Para cada concello aparecen dous tipos de saldo migratorio interno: o intraprovincial e o do resto de Galicia. O primeiro correspóndese coa diferenza entre as altas no concello procedentes do resto da provincia e as baixas con destino na mesma, e o segundo sería a diferenza entre as altas no concello procedentes das restantes provincias de Galicia e as baixas con destino nesas mesmas provincias.

Saldo migratorio externo: Calcúlase como a diferenza entre a inmigración externa e a emigración externa. Aparecen dous tipos de saldo migratorio externo: co resto de España, diferenza entre as altas procedentes das outras Comunidades Autónomas e as baixas con destino nas mesmas, e co estranxeiro, diferenza entre as altas procedentes do estranxeiro e as baixas con ese mesmo destino.

Orde da migración: Denomínase así ó número de veces que a persoa fixo algún cambio de concello de residencia. Distínguese entre a primeira migración e as seguintes. Considérase primeira migración á que ten a súa orixe no concello de nacemento.

Inmigración de retorno: Son os movementos con destino no concello de nacemento.

3. Presentación de resultados

Anualmente o Instituto Galego de Estatística difunde os resultados dos movementos migratorios para os distintos ámbitos xeográficos.

Así, ofrécese información a nivel provincial sobre as migracións clasificadas por orixe e destino e as características dos migrantes e a nivel comarcal e municipal segundo a comarca/concello de procedencia ou destino e os saldos migratorios.

Na páxina WEB publícanse, ademais, series históricas desde o ano 1990 de emigrantes, inmigrantes e saldo para os distintos espazos territoriais.